

Prevención fronte a facturas fraudulentas

Seguen a aparecer casos de administracións vítimas de **estafas mediante facturas falsas**. Por este motivo estímase convinte insistir sobre a necesidade de extremar as precaucións.

As técnicas de suplantación de provedores por parte de actores maliciosos están en continua evolución, e un exemplo real pode axudar a avaliar o nivel de risco:



Chega por correo electrónico unha factura en formato pdf dun **provedor coñecido que sempre manda as súas facturas por ese medio**. A dirección de orixe do correo é lexítima, a factura é idéntica a outras dese provedor e o importe é o esperado, polo que se procede ao pago.



Tempo despois chega unha nova mensaxe do provedor reclamando o pago desa mesma factura: os estafadores foran quen de acceder á caixa de correo electrónico á que chegaban as facturas na entidade, localizar a mensaxe co documento pdf e substituír ese documento por **outro idéntico no que só cambiaba o número de conta** para efectuar o aboamento.



Se entre as súas responsabilidades laborais está ou pode estar o pago de facturas, invitamos á reflexión sobre se as **precaucións** que se toman serían suficientes para evitar un caso que aplicase este método. Para contrarrestar esta técnica de fraude é preciso, como mínimo, dispor dun **procedemento rigoroso de verificación dos números de conta antes de pagar calquera factura**



Por suposto, sen esquecer as precaucións habituais respecto á custodia de credenciais, nin as referentes á comprobación da orixe das mensaxes de correo electrónico, das ligazóns e das direccións das páxinas web.

Lembre que pode atopar máis información e consellos sobre ciberseguridade e protección de datos no portal ciberseguridadegalicia.gal